


Militarización da sociedade

Considérase que a aprobación do real decreto 194/2010 de 26 de febreiro, en que se elevou a rango de "autoridade civil" aos militares, abriu a porta á militarización da sociedade. Porén, a creación da UME (Unidade Militar de Emerxencias) xa supuxo un importante fito no despregamento do exército dentro do propio territorio fóra de épocas de guerra. O obxectivo era múltiple. Por unha banda, asegurarse o control da poboación no momento que se produce unha situación de crise que, potencialmente, podería levar a un levantamento contra o goberno e, posteriormente, poder controlar calquera investigación sobre as causas. Por outra, controlar a sector cada vez máis precarizado onde traballadores/as que se xogan a vida comezaban a esixir melloras. E, ao tempo, reforzar a falsa imaxe de exército "salvador" que se pretende crear, aínda que en Galiza, coñecendo súa actuación durante a loita contra o chapapote do Prestige, resultaría máis difícil de crer. Afondando nesta liña, o 1 de febreiro de 2011, aprobouse a creación de Escola Militar de Emerxencias, tanto para persoal militar como civil.

Pero isto non é todo na estratexia de "normalizar" a presenza do exército na sociedade. Xunto a outros corpos armados, entran nas escolas a recrutar á poboación estudante, están presentes en salóns do ensino (con campañas en contra como Desmilitaritzem l'Educació), realizan exhibicións aéreas, como se a guerra fose un espectáculo, faise chegar incluso aos reis magos en helicópteros militares, ou realízase anualmente un concurso escolar para loar a figura do mando supremo das forzas armadas (FFAA).

Por se isto fose pouco, en decembro de 2015 asinou un acordo (válido por 5 anos) entre os ministerios de educación e defensa, para elaborar materiais educativos e implantalos nas escolas, co obxectivo, segundo o daquela ministro Morenés, de concienciar ao alumnado de primaria e ESO sobre a "cultura da defensa". O contido principal estaría centrado, segundo se publicou na prensa, en dar a coñecer as FFAA como provedoras dun servizo público esencial: "a paz". Tamén se trataría o papel da cora como "símbolo da unidade e permanencia do Estado" e buscaríase que o alumnado se familiarice cos "símbolos nacionais": escudo, bandeira e himno, así como co "deber de defender España. Todo isto a maiores dos contidos xa presentes na materia de "educación para a cidadanía" da LOMCE. Pero, semella, que isto non se pode considerar "adoutrinamento".

Quizais deberíamos prestar máis atención a estes avances do militarismo na nosa sociedade, que nos achega ao modelo doutras ás que, posiblemente, non queiramos semellarnos.



Exército 0.0

O proceso cara á conquista da independencia e a proclamación da República Catalana axudou a lembrarnos, grazas en gran medida ás sinceras declaracións da ministra de defensa, cal é o verdadeiro papel das Forzas Armadas; o de defender a "unidade territorial" de España.

O artigo 8 do Título Preliminar da Constitución de 1978, onde se recolle esta función, outorgalles tamén a misión de garantir a soberanía e independencia de España. Porén, non tivemos noticia da súa participación para evitar, por exemplo, a modificación do artigo 135 da Constitución, que supuña o compromiso, por escrito, da perda absoluta de soberanía en favor da Unión Europea. Nin do seu despregamento para garantir a defensa das institucións cando foron intervidas polos "homes negro" da toika.


Pero quizais é unha boa noticia que, despois de anos de propaganda para conseguir o lavado de cara das FFAA, logo da súa profesionalización no 2001 (dende ese ano ata o 2010, o gasto en publicidade era de 10-20 millóns de euros anuais), o rei quedase por fin espido. Nin a guerra é paz, nin a liberdade é escravitude.


- Tropas despregadas no 2.017** (fonte: Utopia Contagiosa)
- Ademais de nas ruas de Iaragona días antes das eleccións do 21D, o exército español participou nas seguintes misións:
- Envío á fronteira Letonia-Rusia de 313 militares e 80 vehículos. Non aprobada polo Congreso. De acordo co exministro Margallo, para garantir a posición de Letonia, favorable a priori á independencia de Catalunya, a favor da defensa da unidade de España.
 - 5 misións baixo mando da OTAN: adestramento de soldados en Irak, apoio con mísiles Patriot a Turquía, grupos navais permanentes da OTAN, policía aérea no Báltico, Sea Guardian e loita contra a insurxencia e reconstrución en Afganistán.
 - 6 baixo mando da UE: en República Centroafricana e Somalia adestrando militares, apoio ao expansionismo francés en Mali, operacións Atalanta no Índico e Destacamento Marfil en Senegal.
 - 4 por iniciativa propia: Golfo de Guínea (Incremento da seguridade), apoio e adestramento ás FFAA de Mauritania, Senegal e Tínez.
 - 3 baixo o mando da ONU: patrullas no Libano, fronteira con Israel (635 efectivos, a máis numerosa), vixilancia de desarme en Colombia, apoio aéreo á RCA en Gabón.


Obxección Fiscal ao Gasto Militar

Unha fronte de loita contra o militarismo de hoxe, iniciada dúas décadas atrás, en plena época de esplendor do militarismo de principios do século XX, é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar. Un acto de Desobediencia Civil que consiste en non colaborar co Estado co pago de impostos e contribucións, para evitar así o aumento de gastos militares e o mantemento da estrutura militar, exército e outros corpos armados destinados ao control social.

Técnicamente, desobedécese de forma activa no momento de realizar a declaración do imposto sobre a renda (IRPF) mediante o desvío o envío dunha parte deses impostos a un proxecto que traballe pola xustiza social.

Non aceites o borrador  Se tes dúbidas ou precisas axuda, podemos quedar e asesorarte: info@nonaogastomilitar.org

Na páxina web atoparás a información completa de como tes que facer  Se queres **colaborar na campaña**, repartir información, organizar charlas, presentacións... non o dubides, contacta!

 51'4 millóns de €, Gasto Militar diario
 - 2'14 millóns de € por hora
 - 35.694 € por minuto
 - 404 € por persoa no ano 2017

nonaogastomilitar.org

españo aberto antimilitar

info@nonaogastomilitar.org
twitter.com/nonaogastomilitar
facebook.com/espazoantimilitar



O movemento de insubmisión, en xeral, non buscaba só a supresión do SM obrigatorio, senón directamente a desaparición dos exércitos e da “cultura” militar na sociedade. Un obxectivo que continúa vivente e polo que se continúa a loitar dende diferentes fontes:

Obxectión Laboral

Consiste en negarse a traballar nas industrias ou proxectos vencellados coa fabricación, distribución e uso de armamento. Un exemplo tivémolo no 2017, cando un cabo de homeiros da deputación de Bizkaia se negou a costudiar, no porto de Bilbo, un cargamento de bombas con destino a Arabia Saudí, para non ser cómplice dos asasinatos de civís en Iemen.

Obxectión científica

Numerosas científicas, universidades, centros de investigación, e incluso empresas, non permiten que as súas investigacións e traballos beneficien ou rematen na industria bélica e armamentística.

Boicot...

Aos artigos e mercadorías de empresas vencelladas co militarismo, aos produtos feitos en países en guerra ou que non respectan os dereitos humanos, a todos os actos de exaltación dos valores militaristas, aos xoguets bélicos ou sexistas, etc.

Aforros 'desarmados'

Iniciativa de sensibilización e denuncia das entidades financeiras que participan nas industrias militares ou que alteran gravemente a vida de comunidades e pobos.

www.bancaarmada.org


Escolas 'desmilitarizadas'

Diferentes campañas e colectivos denuncian e tentan evitar a presenza dos exércitos e demais forzas de seguridade do estado nas escolas e tamén na universidade.

desmilitaritzem.blog.pangea.org

O Gasto Militarizado no 2017, 1'6% do PIB

Para elaborar esta estimación do 'gasto militarizado' úsanse os criterios definidos do que considera como tales gastos a OTAN, que non se caracteriza precisamente por ter un talante excesivamente 'antimilitar'. Una boa parte atópase agochado en outros ministerios, entredor do 72% do orzamentado é gasto militarizado, millóns de €



Que é a Obxectión Fiscal no Gasto Militar?

É unha campaña antimilitarista proposta desde 1982, e levada a cabo por varios miles de persoas todos os anos. Consiste en, á hora de facer a declaración da renda, desviar a parte proporcional dos impostos que se destinan ao gasto militar, a proxectos que traballan na construción dunha sociedade máis xusta e desmilitarizada.




Por que é necesaria hoxe día?

É necesaria mentres sigan existindo exércitos e corpos represivos. Mentres siga existindo a represión, as guerras e as ocupacións de territorios.

Cal é a súa finalidade política?

Ser unha ferramenta de desobediencia na loita contra o militarismo. Facendo a Obxectión Fiscal amosamos o rexetamento social que ten o gasto militar en particular e o militarismo en xeral, ao mesmo tempo que nos solidarizamos con outras loitas anticapitalistas.



Que cantidade pode obxetar?

Cada persoa decide o que quere/pode obxetar, desde un simbólico 1€, hasta...

A que sancions arriscome?

Facenda pode reclamarte a cantidade obxetada e un 5% anual por "demora". En algúns casos pódese impor unha sanción por infracción tributaria do 50% sobre a cantidade obxetada.



Onde van os cartos desviados?

Cos cartos desviados apóiase a distintos colectivos, movementos ou loitas transversais á antimilitarista, como poden ser as loitas antidesenvolvimentistas ou as antirrepresivas, entre outras, que procuran a transformación radical da sociedade.

Ti escolles o proxecto/colectivo que apoiar, aínda que sempre facemos unhas propostas:

IIP Campaña en Defensa do Monte autóctono: o principal obxectivo da campaña é o de aumentar a conservación das nosas masas de árbores e o coñecemento sobre a súa necesaria existencia, tamén como recursos produtivos e de creación de emprego.

“Cousa de Raíces” quere devolver ao noso bosque o valor que ten, a todos os niveis (ambiental, económico, social, cultural, paisaxístico, etc.), contando coa participación e apoio dos diversos sectores interesados e comprometidos coas masas autóctonas, porque as reivindicán, porque as estudan, porque as coídan, porque as precisan para vivir.

consaderaices.wordpress.com



CA MINMANDO FRONTERAS!

Aadoptando un xeito de traballo en rede, a estrutura do colectivo engloba un amplo abano de profesionais de distintas disciplinas cuxa aportación é totalmente voluntaria, nutrintose así mesmo de persoas migrantes que colaboran de forma horizontal nas diversas fases do proxecto, tendo como fins p apoio as redes migrantes, sensibilización, e a denuncia.

caminandofronteras.org

espazo aberto antimitar

Punto de encontro de colectivos e individualidades que cuestionan a existencia do exército como institución. Tentando manter o debate sobre a súa utilidade e conveniencia, os seus fins e a súa realidade, e denunciando a crecente militarización da sociedade, así como o desproporcionado gasto humano e económico que supón o seu mantemento.

nonoagostomilitar.org

Como facer obxectión fiscal



Non aceites o borrador. Na páxina web atoparás a información completa de como tes que facer. Se tes dúbidas ou precisas axuda, podemos asesorarte: info@nonoagostomilitar.org



Na web da declaración no apartado de “Retencións e demais pagos a conta”. Entrega un dos subapartados (recomendamos o número 568) e mete a cantidade obxectada.



Envía unha carta explicando a túa obxecton e o comprobantede ingreso da obxectión o Ministerio de Facenda (Postal, mail ou rexistro electrónico da web da AEAT)

ao Gasto Militar

Podes ingresar o importe da obxectión na conta: **ES49 1491 0001 2630 0008 8601** Deixa constancia no ingreso do colectivo polo cal queres dar a obxectión Se ingresas para outro colectivo, fainolo saber para estimar o número de obxectións